



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 25 DE XANEIRO DE 2013

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as vinte horas do día vinte e cinco de xaneiro do ano dous mil trece, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión ordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D^a. M^a Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D^a. M^a Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D^a. Carmen M^a Castro González.
- D^a. M^a de Fátima Iglesias Ferreira
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D^a. Hortensia M^a Vicente Santiago
- D. Javier González Verde
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D^a. Hortensia García Díaz
- D^a. Beatriz Estévez Álvarez

Non asiste:

- D^a. Rosa M^a Pazos Lomba

Actúa como Secretaria a da Corporación D^a. Julia M^a Carrasco González-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o señor Alcalde fai mención a unha petición presentada por escrito polo afectados das participacións preferentes, que como sinala o Regulamento Orgánico, poderán intervir unha vez rematada a sesión.

A continuación, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO 1º.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES (ORDINARIA DE 30.11.2012 E EXTRAORDINARIA DE 10.01.2013).

A señora Estévez Alvarez sinala que non ten nada que dicir.

O señor Lomba Alonso di que votarán a favor.

A señora Iglesias Ferreira di votarán a favor

Sometida a votación a **acta de 30.11.2012** , foi aprobada co seguinte resultado:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

VOTOS A FAVOR: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quinze votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sr. Lomba Baz (unha abstención)

Sometida a votación a **acta de 10.01.2013**, foi aprobada POR **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaséis votos a favor).

PUNTO 2º.- DAR CONTA DE DECRETOS.

A señora Estévez Álvarez dase por enteirada.

O señor Lomba Alonso dase por enteirado.

A señora Iglesias Ferreira dase por enteirada.

PUNTO 3º.- RENUNCIA COMO CONCELLEIRA DE DONA ROSA MARÍA PAZOS LOMBA.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Habéndose presentado en data 3 de xaneiro de 2012 (RE 36) escrito de renuncia por parte de dona Rosa María Pazos Lomba, concelleiro do Concello de A Guarda, e a fin de dar cumprimento o disposto no artigo 182.1 da Lei 5/1985 de 19 de xuño, (Lei Orgánica de Réxime Electoral), na súa redacción dada por Lei Orgánica 1/2003 de 10 de maio, segundo o cal, no caso de renuncia dun concelleiro, o seu escano atribuirase o candidato, ou no seu caso, ó suplente da mesma lista a quen corresponda, atendendo a orden de colocación.

Atendendo ó orden de colocación na lista correspondente a candidatura do PP, nas pasadas eleccións locais de 2011, o candidato seguinte resulta ser don Manuel Rolán Fernández con DNI nº 35.533.647-G.

Visto o sinalado, proponse ó Pleno:

1º.- Tomar coñecemento da renuncia como concelleira de dona Rosa María Pazos Lomba

2º.- Comunicar á Xunta Electoral Central, que de conformidade co artigo 182.1 da Lei 5/1985 de 19 de xuño, (Lei Orgánica de Réxime Electoral), na súa redacción dada por



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lei Orgánica 1/2003 de 10 de maio, o candidato seguinte chamado a cubrir a suplencia de cargo de concelleiro é don Manuel Rolán Fernández con DNI nº 35.533.647-G. 3º.-

Remitir certificación deste acordo á Xunta Electoral Central.-

**A Guarda, 11 de xaneiro de 2013
O Alcalde,
José Manuel Domínguez Freitas”**

O señor Alcalde quere agradecer á señora Pazos Lomba os seus servizos, e desexar que o señor Rolán teña éxito na súa xestión, pois será o éxito do Concello.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González, Castro González , Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Estévez Álvarez (catorce votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Lomba Alonso e García Díaz (dúas abstencións).

PUNTO 4º.- PROPOSTA ALCALDÍA DECLARACIÓN DESERTO O CONCURSO PARA A XESTIÓN DA CAFETERÍA DA ESTACIÓN MARÍTIMA DA PASAXE.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Mediante acordo plenario de data 5 de novembro de 2012 foi aprobado o expediente para adxudicar a contratación da xestión, explotación e posta en funcionamento do establecemento destinado a cafetería na Estación Marítima de Pasaxe no Concello de A Guarda, sendo obxecto de publicación no BOP número 220 de 15 de novembro de 2012 e no DOGA número 225 do 26 de novembro de 2012, así como no perfil do contratante municipal. Rematado o prazo para a presentación de ofertas polos licitadores intersados non se presentou ningunha, polo que procede declarar deserto o procedemento.

Sendo o Pleno competente como órgano de contratación, propono ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Declarar deserto o expediente de contratación para adxudicar a contratación da xestión, explotación e posta en funcionamento do establecemento destinado a cafetería na Estación Marítima de Pasaxe no Concello de A Guarda, cunha duración de 16 anos, dado que non se presentou ningunha oferta no prazo sinalado.

2.- Ordenar a publicación do presente acordo no perfil do contratante municipal.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Guarda 21 de decembro de 2012

O Alcalde,

José Manuel Domínguez Freitas”

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor, sempre votaron en contra desta licitación polo canon tan alto en tempos de crise, polo que cre que na próximas bases deberán tratar de que haxa adxudicatario.

O señor Lomba Alonso di que isto é o resultado da nefasta xestión do equipo de goberno, cando se trouxeron os pregos xa manifestaron as súas dúbidas sobre a idoneidade de aumentar o canon, pola situación de crise económica. Di que o tempo deulles a razón, non hía que vexa atractiva esta xestión. Di que o BNG se vai abster, se trata dunha responsabilidade do equipo de goberno, e da ánimos para que usen a imaxinación e a poñan en marcha.

Intervén o señor Fontenla Martínez e di que comparten os argumentos expostos polos outros grupos, eles tamén puxeron obxeccións ao canon. Explica que hoxe visitaron as instalacións, que se atopan nun estado deplorable, e fai referencia a un informe técnico que avaliaba os danos causados polo anterior adxudicatario. Pensa que antes tiñan que haber invertido, pois a día de hoxe hai que facer unha gran inversión.

O señor Español Otero di que os grupos tiveron a oportunidade de corrixir as bases, facendo chegar as súas suxestións, pois así se dixo na última Comisión de Asuntos Plenarios, pero ninguén trouxo modificacións. Di que un canon de 500 euros ó mes non sabe se é elevado, igual os tempos non son os mellores para estes negocios. As instalacións se deterioran, pero eles non son responsables da súa construción. Se quedaron co aval da anterior adxudicataria para cubrir os danos, pero co inverno que fixo, os danos se incrementaron, tratarán de palialos. Hai obras que poderían supoñer gastos en vano, pois o novo adxudicatario pode ter outras intencións. Aclara que o tipo de cuberta do edificio non é o máis idóneo para a zona, van a acometer obras de goteiras, que son “*latosas*”, e de cara a próxima licitación pide que se comprometan, se convocará ós grupos e que sexa unha decisión de todos, pero pensa que non houbo ofertas polos tempos de crise en que vivimos.

Sometida a votación a proposta, foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González e Estévez Álvarez (nove votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Lomba Alonso e García Díaz (sete abstencións).

PUNTO 5º.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE 4º TRIMESTRE 2012.

O señor Alcalde da conta do informe de morosidade do 4º trimestre de 2012.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Os membros presentes da Corporación danse por enteirados.

PUNTO 6º.- MOCIÓNS.

R.E. nº 261 do BNG: *Moción en defensa do servizo de salvamento marítimo da Xunta de Galiza e dos seguros por mal tempo ou accidentes no mar.*

O señor Lomba Alonso da lectura da seguinte moción:

“MOCIÓN EN DEFENSA DO SERVIZO DE SALVAMENTO MARÍTIMO DA XUNTA DE GALIZA E DOS SEGUROS POR MAL TEMPO OU ACCIDENTES NO MAR

1-Exposición de motivos:

O sector pesqueiro galego é o que padece a maior taxa de sinistralidade de todo o Estado español. Aínda que representa, en canto á súa dimensión, apenas o 50% do do conxunto do Estado, sofre porén o 80% de sinistralidade mortal por razón de afogamento ou hipotermia. É este o contexto no que se está a producir un proceso de irresponsábel degradación, privatización e precarización do servizo de salvamento marítimo que opera na Galiza, e que xa ten provocado consecuencias irreparábeis.

Así, a traxedia de Mercedes Veiga Mosteiro, percebeira de Oia que perdía a súa vida o pasado 12 de decembro de 2012, mentres desenvolvía o seu traballo, puna en evidencia o retraso na actuación do helicóptero "Pesca I" (adscrito ao Servizo de Gardacostas de Galiza, do Goberno galego, con base en Vigo), vulnerando o establecido no contrato que vincula á Xunta de Galiza coa empresa INAER Helicópteros Off Shore, S.A.U., en relación eos tempos de resposta. O resultado final foi o xa coñecido. Previamente, o 14 de novembro, o helicóptero "Pesca II" (este último con base en Celeiro), sufría un intolerábel retraso que impediu o rescate, fronte ás costas de Burela, do mariñeiro Francisco Berrocal, tripulante do pesqueiro "Regino Jesús". Aínda que foi outro helicóptero, dende A Coruña, o que chegou ao lugar do sinistro, non foi posíbel salvar a vida deste traballador do mar.

Lamentabelmente, en moi curto espazo de tempo, son varias as decisións do Goberno galego que viñeron a degradar, aínda en maior medida, os niveis de seguranza marítima existentes no litoral galego. Algúns exemplos:

- Agora cóbrase (Decreto 130/2012) polas actuacións de salvamento marítimo que realicen helicópteros, embarcacións, vehículos e persoal do Servizo de Gardacostas de Galiza. O salvamento e vidas humanas no mar pasa así a se converter nun mero negocio. Estabelécense tarifas de cobro para os buques pesqueiros que precisen de asistencia, aínda en risco de afundimento.

- Eliminación do "Seguro Colectivo de Accidentes no Mar", con cobertura automática a todas e todos os profesionais do mar (tripulantes -galegos, galegas ou de calquera nacionalidade embarcados en buques galegos-, persoal de bateas, percebeiras e percebeiros, mergulladores, mergulladoras, mariscadores a frote, mariscadoras a pé, membros da Cruz Vermella do Mar, etc.) que sufrirán algún percance ou mesmo a morte.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- Venda á empresa privada INAER dos helicópteros de salvamento marítimo "Pesca I" e "Pesca II", de titularidade pública galega e recente adquisición, por un prezo que duplica o da súa venda. Sistemáticos retrasos -ademáis dos xa indicados- sen que conste ningunha penalización á empresa adxudicataria, en numerosos operativos de salvamento marítimo.
- Matriculación ñas Illas Canarias (2º Rexistro) dos dous buques maiores do Servizo de Gardacostas de Galiza: o "Sebastián Ocampo" e o "Irmáns García Nodal" (tamén de titularidade pública, mais xestionados pola empresa privada REMOLCANOSA) a fin de acceder a vantaxes fiscais e posibilitar a degradación e desregularización das súas tripulacións.
- Eliminación no ano 2012, por vez primeira, do buque de apoio e asistencia sanitaria á frota pesqueira que acude á campaña do bonito no Océano Atlántico (por certo, non no caso da campaña do atún no Mar Mediterráneo).
- Supresión do "Seguro de mal tempo", de carácter voluntario, que evitaba perdas económicas por non sair ao mar de se produciren determinadas condicións económicas que dificultaran o exercicio da actividade pesqueira, marisqueira ou percebeira.

Esta situación reviste unha extraordinaria gravidade. Estamos a falar de vidas humanas, e estas decisións incrementan os índices de risco até uns niveis absolutamente intolerábeis. Lamentablemente non é posíbel devolver as vidas perdidas, mais si que estas traxedias servan para, ademáis de deitar luz sobre o acontecido e depurar as responsabilidades que se deriven destes feitos, adoptar as medidas correctoras que eviten no futuro a reprodución de feitos desta natureza. Non se trata de aforro, senón de privatización e de obtención de beneficios económicos por parte de empresas privadas. O salvamento dunha vida humana debe ter a consideración de servizo público gratuito, nunca de negocio empresarial.

2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que se adoite o seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a:

- a) Derogar o Decreto 130/2012, do 31 de maio, para establecer, daquela, o carácter gratuito e universal das operacións de salvamento marítimo que realicen unidades do Servizo de Gardacostas de Galiza.
- b) Rescatar a venda dos helicópteros de salvamento marítimo "Pesca I" e "Pesca II", devolvéndooos á súa titularidade pública galega, e garantindo o cumprimento dos tempos de resposta establecidos (máximo de dez minutos) as 24 horas dos 365 días do ano, a través do sistema de gardas presenciáis na base, coas tripulacións precisas para o cumprimento deste cometido legal.
- c) Recuperar o "Seguro Colectivo de Accidentes no Mar" e o "Seguro do mal tempo".
- d) Garantir o envío dun buque de apoio loxístico e asistencia sanitaria á frota pesqueira que se desprazará á vindeira campaña do bonito do 2013.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

2.- Trasladar o presente acordo ao Parlamento de Galiza, grupos parlamentares e ás entidades do sector pesqueiro que operen no noso concello.”

O señor Lomba Alonso di que esta moción ten moitos que ver co Concello e coa xente do mar, debe retomarse a filosofía de que o servizo público debe garantir a seguridade e non debe quedar en mans privadas, adicadas a un puro negocio, pois o que está en xogo son vidas humanas.

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor, cre que a Xunta debe recapacitar e dar o servizo que ten que dar á xente do mar. En relación coa segunda parte da moción, relativa ós seguros, pensa que ven tarde, pois hai máis de dous anos que este servizo o quitou a Xunta.

A señora Iglesias Ferreira pregunta se o BNG houbera traído esta moción hai cinco anos. Di que cando se fala de vidas humanas todos está de acordo, pero aclara que non hai privatizacións, nin precarización nin degradación do servizo. Os profesionais do mar non están obrigados a pagar os rescates, non se atopan comprendidos no pago do prezo público, polo que queda claro este tema; en relación co tráxico suceso acontecido, é criticable o tempo de rescate, e eles lamentan o suceso de Oia, pero se está criticando un servizo que se presta igual que na etapa do bipartito, pois é a mesma empresa. Estiveron nesa situación 33 días, pola formación e incorporación de novos pilotos, fronte os 1380 días do bipartito. A situación é transitoria, pero non ilegal. Por respecto ás vítimas e a pesar de que moitas das cousas que di esta moción eles entenden que non son así, se van abster, porque cando se trata de vidas humanas todo é mellorable.

O señor Español Otero di que votarán a favor da moción.

O señor Lomba Alonso di que pouco se aprende se sempre buscamos o pasado como resposta, gustaríalles que o PP apoiara a moción, non entrarán nunha guerra de cifras, pide que se pasee cos mariñeiros e implicadas para escoitalas sobre a actual situación.

Sometida a votación a proposta, foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (once votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, e González Verde (cinco abstencións)

PUNTO 7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS DE CONVERXENCIA GALEGA:

A señora Estévez Álvarez fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- No Pleno do 25/11/2011 se adoptou un acordou facer un estudo de tráfico para ver a viabilidade do cambio de sentido de Circunvalación, tal e como se ponía na moción



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

de Convergencia Galega. Di que pasou máis dun ano e pregunta se xa está feito e se pode ter unha copia.

O señor Español Otero di que esta pregunta xa foi contestada, en función do que se acordou nese Pleno foi a dotación de pasos de peóns elevados en Pirún e na Cruzada. Se vai executar con cargo o Plan da Deputación, hoxe chegou un escrito. Pide á voceira de Convergencia Galega que se lea ben o acordo, só se dixo por este voceiro que se algún día era necesario un cambio na Cruzada, se faría, pero naquel Pleno a señora Estévez Álvarez retirou tres puntos da moción e só se acordou o punto cuarto.

2.- Pregunta se xa hai un borrador da Ordenanza de vallas, pregunta cándo estará.

O señor Español Otero di que aínda non o teñen, se fará cando se poida.

3.- Pregunta se xa iniciaron o expediente de apremio da débeda da anterior concesionaria da cafetería da Estación Marítima.

O señor Alcalde di que xa se lle contestou sobre este asunto por escrito, e dende a data da contestación escrita ata hoxe non sabe se xa se iniciaría por Tesorería o apremio.

4.- Pregunta se xa teñan os gastos e os conceptos do Entroido.

A señora Magallanes Álvarez di que hai varias retencións de crédito no departamento correspondente.

5.- Pregunta pola débeda coa Alcadesa de Caminha.

O señor Alcalde responde que había dúas cousas: o que debía facer fronte o Concello e a débeda do ano 2006 para atrás. Na medida das posibilidades do Concello se respondeu á débeda do ano 2006 en adiante.

6.- Roga que se lle transmita ó responsable da páxina web que as actas do Pleno non se poden ver.

O señor Alcalde di que llo dirán.

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG:

A señora García Díaz fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Roga que se fixen os contedores de lixo na rúa Manuel Álvarez.

2.- Pregunta que pasará ante a eliminación da subvención para o curso de educación de adultos.

O señor Lomba Baz contesta que se asumirá polo Concello.

3.- Pregunta polo Orzamento do 2013.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Magallanes Álvarez di que se está traballando O Interventor só ven un día á semana, e en canto teñan un borrador se reunirán os grupos para valoralo.

O señor Lomba Alonso fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Roga a reposición dun espello na rúa Cal.

O señor Español Otero di que se reporán tan pronto como cheguen.

2.- Roga que se solucione o problema no acceso á praza de Seixiños, polo escape de auga que leva dende fin de ano.

O señor Rodríguez González di que se fixeron pesquisas e se trata de auga da fonte de Pintán, entra na tubería de Telefónica, e é auga de rego.

O señor Lomba Alonso di que deberían falar con Telefónica, contestando o señor Español Otero que polas inclemencias do tempo chega a un nivel e se filtra, non é potable.

O señor Lomba Alonso di que él busca que se solucione o problema, pois xenera perigo.

3.- Pregunta o señor Lomba Alonso sobre o PXOU, pide que o señor Alcalde sexa claro, pois no ano 2012 fixo dous anuncios co mesmo grao de demora, dous meses. Pide seriedade.

O señor Alcalde di que ten o compromiso da empresa redactora que a semana do 3 de febreiro presentarán o documento que completa o PXOU.

4.- Ante as queixas dun veciño en relación coa situación dos depósitos de gas no Castelo de Santa Cruz, pide copia e acceso ó expediente de instalación e que se lle conteste ó veciño ós seus escritos, sobre todo o de 7 de decembro. Di que é preocupante, o BNG fixo unha denuncia, é deplorable o mantemento das instalacións, se trata dun tema de seguridade.

O señor Alcalde di que hoxe estivo co afectado, que lle puxo de manifesto que no expediente pode haber algunha cousa non demasiado clara. Di ao señor Lomba Alonso que ten acceso ó expediente cando queira, e procurarán darlle satisfacción ás demandas dese veciño, ben entendido que se trata dunha cuestión política en canto ao interese que teñen en solucionalo, pero moi técnica. Se comprometeu a estreimar as precaucións en relación coa maleza, pero outras cuestións non son obxecto de debate neste Pleno porque non ten cualificación para discutilas.

O señor Lomba Alonso di que se trata da atención a un veciño, que se lle contesten os seus escritos, e insiste en que o estado de conservación non é idóneo, esa instalación deberá estar en perfectas condicións para non ter que lamentarse.

5.- Di que en agosto se fixo un contrato coa banda de música do Rosal, e a actuación non se chegou a celebrar, pero non porque a banda de música non quixera



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

facela. Di que á banda non se lle contestou nin se dirixiron a ela para explicar por qué non se facía a actuación, trataron de comunicarse co equipo de goberno e non puideron. Pregunta qué sucede cos cartos desa partida, qué pasou e qué se vai facer.

O señor Lomba Baz di que non lles consta o que se está dicindo, non lle consta que se contratara a ninguén, se fixo un RC e houbo conversas, pero choveu e se suspendeu o espectáculo, estiveron en conversas e se aprazou ata setembro. Chegado setembro dixeron que non consideraban conveniente facela, pero sempre lles atendendeu e non houbo reclamacións, entende que a relación é boa e que a actuación quedou nun primeiro momento aprazada e despois suspendida. Sempre atenderon as chamadas.

O señor Español Otero aclara que se os cartos non se utilizan quedan na partida.

O señor Lomba Alonso da lectura á notificación do Decreto no que se adjudica o contrato, e di que dará traslado á Banda de Música do que aquí se falou, se ben lle sorprende a situación, contestando o señor Lomba Baz que el entendía que a relación era boa, e será el mesmo quen os chame para aclarar a situación.

O señor Alcalde intervén para dicir que facendo ben as cousas, primeiro se fai unha retención de crédito e despois unha adjudicación a través dun decreto, e o que veu despois xa está contestado.

6.- En relación co alumeado do Nadal, o BNG presentou un escrito e non se lle contestou.

A señora Magallanes Álvarez di que se pediron orzamentos, se poden pedir un, tres ou cinco, vai en función da contía. Neste caso se pediron tres orzamentos e se adjudicou ao máis económico, ascende a uns 5000 euros. Explica que se contrata, e se iluminan as rúas, tendo en conta a situación de crise na que nos atopamos, puido non satisfacer a todos, trataron de facelo o mellor posible.

O señor Lomba Alonso pide copia dos orzamentos e que se lle conteste ós escritos.

A señora Magallanes Álvarez di que pode pasar para velos, pero non lle gustaría que circulasen, pois son orzamentos e non unha factura que entra por Rexistro de Entrada.

O señor Lomba Alonso di que lle parece intolerable que se lle diga iso, poderían argumentalo por escrito, aquí hai responsabilidade de que manexa a documentación, e ó BNG non se lles pode reprochar nada diso. Poderían ter respondido por escrito.

ROGOS E PREGUNTAS DO PP:

A señora Iglesias Ferreira fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Solicita ó concelleiro de tráfico a sinalización no cruce da rúa Brasil co Colexio das Carmelitas, houbo un accidente e non hai sinalización vertical.

O señor Rodríguez González se dirixirá á Policía para que faga un informe.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

2.- Pide que se tomen medidas en relación coas pintadas que aparecen polo pobo en edificios públicos.

3.- Solicita, en relación co tema dos anclaxes tratado no Pleno anterior, que se revisen as farolas, tendo en conta o mal tempo que está facendo, contestando o señor Español Otero que se está facendo, co temporal cairon tamén árbores, antenas cruceiros, pero se están reparando.

4.- Pregunta ó concelleiro de patrimonio se existe unha valoración dos desperfectos nas casas do poboado, respondendo o señor Crespo González que non está valorado, se vai tratar de adecentar e farán as xestións oportunas.

O señor Alcalde di que hai danos noutras zonas do poboado, incluso caeu un árbol, Patrimonio é coñecedor dos estragos, e da reparación do segundo via crucis se vai encargar a Comunidade de Montes da Guarda. Fai referencia a un cruceiro non catalogado de máis difícil composición.

5.- Pregunta ao concelleiro de deportes sobre os convenios de fútbol do ano 2012.

Contesta a señora Magallanes Álvarez que todos son asinados a finais de ano e principios do seguinte, primeiro os de carácter social e despois os deportivos. Se tardou moito polo retraso de algunhas asociacións en presentar a documentación, e ata que chega non se pode revisar e redactar. DI que se están rematando e se procederá ó abono correspondente.

6.- Pregunta polas concesiones da piscina municipal e da Escola Infantil.

A señora Magallanes Álvarez di que no caso da Escola Infantil o proceso xa está iniciado, e no caso da piscina, en febreiro se prorroga, foi imposible preparar a licitación, pois non se contaba con Interventor. Di que o teñen en mente, contan con facelo este ano, cando se incorpore a Interventora, que calculan se será en abril.

A señora Iglesias Ferreira di que iso tamén ían preguntalo, a data de incorporación da Interventora, así como tamén polo orzamento e polo PXOU.

O señor Alcalde di que foi unha preocupación do equipo de goberno atopar un Interventor, pois todo debe ser fiscalizado, pero no veu ninguén, e finalmente ven o de Gondomar, un día á semana, tendo en conta que había traballo atrasado.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo á vinte horas e vinte minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Visto e Prace
O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre